BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA), Nº 5/2015 (MANDATO 2015-2019), DE CARÁCTER ORDINARIO, CELEBRADA O 28 DE AGOSTO DE 2015.

En Salceda de Caselas, a 28 de agosto de 2015

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

Grupo municipal de Movemento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

-O sr. González González tomou posesión nesta sesión prometendo o cargo de concelleiro ás 21:10 horas-

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

Interventor do Concello

NON ASISTE

Secretario do Concello

Carlos López Quintáns

HORA DE INICIO: 21:05

HORA DE REMATE: 00:15

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 21:05 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto nº 344/2015 de 25 de agosto de 2015 de conformidade co acordo plenario de 2 de xullo de 2015 polo que se resolveu a periodicidade das sesións plenarias ordinarias para o mandato 2015-2019; reúnense en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar , no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1.- Aprobación de actas de sesións anteriores (acta da sesión nº 4/2015 de 14 de agosto).

2.- Toma de posesión de novo concelleiro da Corporación Municipal: Miguel González González.

3.- Ditame da proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2015.

4.- Ditame da proposta de días festivos locais para o ano 2016.

5.- Ditame da proposta de aprobación de Regulamento de funcionamento do programa de alimentos.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

6.- Dación de conta dos informes de Intervención nº RVR 29/15 de 9 de xullo de 2015 e de Tesourería nº 035/2015 de 9 de xullo de 2015 relativos á información trimestral do nivel de morosidade das Administracións Públicas correspondente ao 2º trimestre de 2015.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

7.- Dación de conta dos informes de Intervención nº RVR 29/15 de 9 de xullo de 2015 relativo á información trimestral do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas correspondente ao 2º trimestre de 2015.

8.- Dación de conta dos escritos presentados polos voceiros de cada grupo para adscribir os membros da Corporación ás comisións informativas.

9.- Dación de conta dos Decretos de Alcaldía: dende o nº 161/2015 de 21 de abril ata o nº 343/2015 de 21 de agosto.

10.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

11.- Rogos e preguntas.

INICIO DA SESIÓN

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (ACTA DA SESIÓN Nº 4/2015 DE 14 DE AGOSTO).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) **o Señor Presidente pregunta** se algún/nha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 4/2015 de 14 de agosto.

A sra. Tourón Domínguez (voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE sinala que na páxina seis cando debe constar cinco votos en contra do Grupo Municipal de Movemento Salceda, e non seis, porque xa se fixera efectiva a renuncia a súa condición de concelleiro do sr. Lorenzo González, e xa non estaba.

Mostrando o sr. Secretario a súa conformidade ao comprobar a existencia dese erro material e non existindo máis observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 4/2015, de 14 de agosto e a mesma é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.**

2.- TOMA DE POSESIÓN DE NOVO CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL: MIGUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ.

O sr. Besada Pérez, Alcalde-Presidente, explica que trala renuncia do sr. Lorenzo González a súa condición de concelleiro que se fixo efectiva no anterior Pleno e tras a renunica dos seguintes compañeiros que o seguían, chegou a credencial de Miguel González. Dá lectura da credencial de concelleiro e do escrito de 24 de agosto presentado polo sr. Miguel polo que solicita formar parte do Grupo Municipal de Movemento Salceda.

O sr. Secretario, unha vez comprobada a existencia de toda a documentación necesaria para tomar posesión do cargo de concelleiro, tómalle xuramento ou promesa do seu cargo ao sr. González González de conformidade coa fórmula legal, e pregúntalle o seguinte:

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

"D. MIGUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ ¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS CON LEALDADE AO REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMA NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?"

O sr. González González promete o cargo de concelleiro e toma posesión do mesmo sendo as 21:10 horas. **De seguido** agradece aos compañeiros de Movemento Salceda o apoio e aos compañeiros de oposición pídelle que sexan benevolentes con el por ser novato.

O **sr. Besada Pérez** dalle a benvida e maniféstalle o aprecio persoal que lle ten. Expón que o sr. González González ten experiencia por ser o primeiro presidente da Xunta reitora da comunidade de montes de Soutelo, os cales se conseguiron clasificar, liderando el o proceso. Dille que espera que esa experiencia lles sirva. Indica que asumirá as áreas de medio rural, obras e servizos municipais.

O sr. Rodríguez Davila, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, en nome do Grupo Municipal do PP dalle a benvida e deséxalle acerto porque eso redundará en todos eles. En canto á tramitación respecto da credencial di que a renuncia do anterior concelleiro produciuse o 14 de agosto e tan só seis días estaba a credencial recepcionada, celebrándose agora o pleno, e sen embargo, cando foi o caso anterior dixo que non se podía esperar e por iso convocou o Pleno co obxecto de aprobar as adicacións que teñen.

A sra. Tourón Domínguez, voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, dalle a benvida e di que será benevolente polo menos nos primeiros seis meses. Di que é verdade que a concelleira Ángela tiña a credencial en tan só cinco días e tiveron que esperar para que tomase posesión e poidese votar no seguinte pleno. Di que os veciños saben cal foi a actuación para aprobar os soldos e adicacións.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (REC) Nº 3/2015.

O sr. Besada Pérez, Alcalde-Presidente, dalle a palabra ao sr. González Rodríguez.

O sr. González Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Movemento Salceda, explica que este punto xa se trouxo na anterior sesión plenaria. Di que se trata de recoñecer facturas de distintos gastos ou servizos que se prestaron ao Concello polas distintas empresas, sendo todas as facturas do ano 2014 e tendo entrada no rexistro do Concello no 2015. Indica que non existe ningunha outra fórmula para pagarlle así ás empresas. Di que ascenden a 66.000 euros. Explica que o motivo de que o PP pedira o aprazamento do punto era porque consideraban que faltaba documentación e que tras dar o interventor as explicacións no pleno, o PP considerou que non era suficiente. Di que agora se aportou esa documentación na cal se detallan sobre que partidas se fixeron as retencións nº 22 e nº 28. Di que a nº 22 estaba asignada a dietas por asistencias a órganos de goberno e dietas que cobraban os concelleiros sen adicación exclusiva, eliminándose esta partida noutro pleno. Explica que a nº 28 refírese basicamente ás facturas que se lle pagarían a SOGAMA pero que están nun proceso en contra do canon que aprobou de forma unilateral e que supuxo unha suba do 34%, e que loitarán en contra da suba. Di que coa documentación que anexa o interventor debería estar acreditado.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O sr. Núñez Troncoso, concelleiro do Grupo Municipal Popular, di que lendo o documento non sabe por donde empezar. Di que é o 3º REC nun orzamento que é unha desfeita e que está mutilado por tódolos lados. Di que xa fixeran un REC en xaneiro e outro en febreiro. Di que sumando os tres REC suman un total de 334.000 euros. Di que un primeiro REC foi para incluir obras, parches, bacheos, etc. e ascendeu a 185.000 euros; outro segundo de 79.000 euros e este terceiro de 69.000 euros. Di que a isto hai que sumarlle que o Remanente de Tesourería é negativo e ascende a 679.000 euros.

De seguido sinala que porá exemplos para que se vexa a forma de como se elaboraron os orzamentos: na partida de urbanismo donde se pagan os traballos a técnicos profesionales había unha partida de 80.000 euros, modificouse para minorar 29.000 euros e sen embargo as obrigas recoñecidas do 2014 eran de 105.000 euros. Di que noutra partida, en mantemento de instalacións de alumeado público, tiñan no orzamento unha partida de 20.000 euros cunha modificación posterior que lle quitou 17.000 euros, e sen embargo recoñeceron obrigas por máis de 66.000 euros.Di que a máis curiosa é a partida de SOGAMA, que no orzamento tiñan 160.000 euros, modificárona quitándolle 30.000 euros e sen embargo recoñeceron do ano 2014 o importe de 32.000 euros, quedando por recoñecer 128.000 euros do ano 2014. Pregunta donde están estas facturas, que igual están nun caixón.

Di que para facerlle fronte a este REC acude a unha retención nº 28 que se refire a de SOGAMA e por asistencias dos concelleiros. Indica que o concelleiro di que non estaban de acordo co canon que puxeron e pregunta que se lle fai ao que recadan polas taxas porque as mesmas teñen que ir para facerlle fronte a eses custos da recollida do lixo. Di que o papel o aguanta todo e que despois alardean de superávit.

Sinala que neste REC o 85% das facturas entraron no rexistro antes do 27 de febreiro e xa houbo tempo de sobra para despois achacarlle ao PP que non se paguen. Indica que 59.800 euros son facturas que entraron antes do 27 de febreiro. Di que aí se ve a xestión e que seguro que lle dirán que é por problema de que os técnicos teñen moito traballo. Di que votarán en contra.

A sra. Tourón Domínguez, voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, di que dará tres cifras. É o 3º REC e levan 334.000 euros en REC. Que en xuño de 2014 aprobouse unha declaración de non dispoñibilidade de 150.000 euros que tamén a saltaron e teñen que engadir unha indemnización á anterior arquitecta de 70.000 euros. Di que iso todo suma case 600.000 euros, o que supón que a concellaría de facenda non está facendo ben as cousas. Di que o PSOE quere ser responsable coas empresas e teñen que cobrar porque fixeron o traballo e que por iso esta vez se absterán. Di que non se lle pode botar a culpa a PSOE e ao PP dende os medios porque si non cobran é pola mala xestión que fai o goberno. Advirte que isto non significa que o PSOE chegue aí e se absteña para todo o que leven ao Pleno. Di que o PSOE estará co goberno cando faga as cousas ben.

O sr. González Rodríguez dille á sra. Tourón Domínguez que a mala xestión en parte é pola mala xestión que fixo tamén do seu gasto na súa área cando estaba no goberno, porque hai facturas no REC para as que non había crédito. Di que el moitas veces estaba enriba delas para dicirlle que non gastasen no que non podían e aínda así se excederon. Di que o PP dá unha situación moi alarmista de tres REC por 334.000 euros cando é o normal en calquera Concello. Di que o importe dos REC non chega a un 10% do orzamento do Concello que é o gasto normal que se faría nun mes. Di que para nada o concello está en bancarrota, e efectivamente existen facturas de obriñas e bacheos, pero hainas porque como di o interventor son obras necesarias e que os veciños demandan. Sinala que 334.000 euros non é alarmante sobre un orzamento de 4.200.000 euros. Di que non hai facturas no caixón.

O sr. Núñez Troncoso sinala que a mala xestión económica é de ano tras ano. Dille ao sr. González Rodríguez que si lle parece que gastar 334.000 euros máis do orzamento non é nada... No primeiro REC recoñecéronse facturas de xullo de 2014 e di que iso igual se debe a que lle din aos provedores que metan a factura máis tarde no rexistro.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O sr. González Rodríguez pídelle que o demostre.

O sr. Núñez Troncoso pregúntalle porque o 85% das facturas entraron antes do 27 de febreiro e non dixo nada.

O sr. Alcalde di que falta a interventora.

O sr. Núñez Troncoso di que xa sabía que lle iba dicir iso, que tiñan que prever a baixa de maternidade da interventora con tempo. Di que as facturas de SOGAMA están sen recoñecer e basta con mirar a liquidación de 2014 na que están recoñecidas as de 2/3 meses, e sin embargo lle piden aos veciños que paguen a taxa.

O sr. González Rodríguez di que esa taxa cubre gastos do persoal, carburante... non só o gasto de SOGAMA.

O sr. Núñez Troncoso indica que a taxa non vai destinada ao 100% a onde tiña que ir. Di que para o gasto corrente non hai cartos, que xa o din os informes de intervención, e iso implicará quebranto nos próximos orzamentos.

O sr. González Rodríguez di que a taxa que se lle cobra os veciños non chega nin pa cubrir o 60% do gasto de recollida do lixo. Que xa había un folleto no que se especificaba o custo da recollida e se instaba á xente para que reciclasen eles mesmos e así diminuír o custo. Persoal, gastos de reparación, gasoil...aumento do 34% do canon de SOGAMA que non repercutiron nos veciños e podíano facer. Di que lle dá a sensación de que se opoñen a este REC en contra dos intereses das empresas locais que tanto defenden e ás que lle poñen trabas para que cobren.

O sr. Núñez Troncoso di que hai que botarlle morro para dicir que por culpa do PP están as empresas sen cobrar, porque serían 15 días dende o anterior pleno pero non os 8 meses que leva o goberno sen pagalas. Di que é unha barbaridade o que se aproba, que a suma dos tres REC dá 330.000 euros.

O sr. González Rodríguez dille que está alarmando cando esa cantidade supón un 8% do orzamento, que non é unha barbaridade.

O sr. Núñez Troncoso dille que si lle fala de facturas de decembro é razoable pero no primeiro REC entraron facturas de xullo do ano pasado.

O sr. González Rodríguez respóndelle que é razoable e entra dentro do normal que presenten facturas por un 8% do orzamento de gastos.

A sra. Tourón Domínguez di que non contaba escoitar que o concelleiro de facenda que cobraba nos últimos catro anos 2.300 euros mes, non é súa responsabilidade senón que parte do REC é culpa dela. Di que as facturas correspondentes ás áreas que gobernaba o PSOE superan en pouco os 4.000 euros e entre elas están bens de primeira necesidade como pode ser a limpeza da Galescola. Pregúntalle ao concelleiro de facenda se lle explicou aos provedores aos que lle di que non cobran por culpa do PSOE, se lle está explicando que o que está facendo co REC é hipotecar o orzamento deste ano, e que os provedores que presentan facturas no 2015 non van cobrar porque está hipotecado. Di que moi normal non debe ser isto porque ten un informe de intervención con reparo. Engade que se imaxina no mes de xaneiro, marzo ou outubro de 2016 no que haxa REC e veñan facturas de Marina Cabaleiro, dicindo que non se pagan por culpa do PSOE cando gobernaba. Espera que todas as facturas de 2015 do PSOE se paguen antes do 31 de decembro de 2015 e que o PSOE xa deixou de gobernar en maio.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O sr. González Rodríguez respóndelle á sra. Tourón que ela tamén cobraba como asesora e que non o fixo ben para a concelleira á que tiña que asesorar. Di que el lle chamou a atención para que non gastaran máis do que tiñan, e que claro que son para cousas básicas, coma as demais cousas que se pagan. Dille que sempre votaron a favor destes REC en 8 anos e agora cambian cando a lóxica segue sendo a mesma.

A sra. Tourón Domínguez respecto das chamadas de atención dille que como concelleiro de facenda debería ir a cada concellería facéndolle advertencias a quenes gastaban máis. Lembra que eran as únicas concellerías que lle levaban os importes para facer o orzamento, e a resposta del é que iba a Intervención e llo quitaba a quenes lle sobraba e llo daba a quenes gastaban máis.

O sr. Núñez Troncoso di que non están en contra de que as empresas cobren, porque teñen ese dereito que por algo fixeron ese traballo. Reitera que están en contra da mala xestión que se fixo e que xa verán para o ano cantas facturas van entrar porque estáselle dicindo a algúns provedores que presenten as facturas para o ano que vén. Di que votarán en contra.

O sr. González Rodríguez pídelle ao sr. Núñez Troncoso que lle demostre iso que está dicindo; e afirma que si que se están opondo a que cobren porque a única forma é facelo a través do REC.

O sr. Besada Pérez di que cando estivo o sr. Núñez Troncoso oito anos no goberno se traían 50 millóns de pesetas de REC na época de bonanza. Di que é un debate que non dá moito de si, e que está claro que hai un cambio de posición no PSOE respecto aos oito anos no goberno. Repróchalle á sra. Tourón Domínguez que vaia aos plenos con medias verdades o que demostra unha posición incoherente. Di que a posición do PP é para que os provedores non cobren.

Explica que SOGAMA está incumprindo un contrato que asinou o PP no ano 97, con decisións unilaterais de suba do contrato nun 34%, incumprindo o contrato. Pídelle ao sr. Núñez Troncoso que lembre cando estivo de concelleiro de facenda cantas facturas se lle debían a SOGAMA. Di que a incoherencia queda clara dende fai unha temporada de quen é, e que si o PSOE non está no goberno foi por decisión do PSOE.

A sra. Tourón Domínguez di que non están no goberno por coherencia, porque non están de acordo coa forma de gobernar.

O sr. Núñez Troncoso pregúntalle ao sr. Alcalde si se lembra de canto era o importe deses REC aos que fixo referencia, e que unha cousa é un importe razoable e outra o que se trae aquí.

O sr. Besada Pérez responde que eran de 40 millóns de pesetas.

O sr. Núñez Troncoso pídelle que o probe.

O sr. Besada Pérez dille ao sr. Núñez Troncoso que lle ten que pedir desculpas ao Interventor Municipal pola falta de respecto do outro día. Cando días antes estiveran con el e foron ao pleno con alevosía para dicir que faltaba documentación.

O sr. Núñez Troncoso responde que ese tema xa se aclarou co Interventor Municipal, funcionario Interino, non coma outros traballadores que traballan aquí sen contrato. Respecto das facturas de SOGAMA que había pendentes, pregúntalle ao sr. Besada Pérez a canto ascendía o importe das que estaban pendentes de pagar.

O sr. Alcalde dá lectura da seguinte proposta de acordo:

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

D. Marcos D. Besada Pérez, Alcalde- Presidente do Concello de Salceda de Caselas, no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

Ante a existencia de gastos realizados durante o exercicio 2014 ou anteriores para os que non había dotación orzamentaria, polo que non puideron ser tramitadas con cargo ao orzamento correspondente, segundo o detalle do anexo que se achega coa providencia desta alcaldía de data 17 de xullo de 2015 e vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente estes créditos.

Sendo xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis cercana aos cidadáns e, por conseguinte, aquela á que dirixen en primeiro lugar as súas pretensións.

Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da CE que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local debe procurar axustar a súa situación á axilidade e eficacia que demandan os cidadáns. É por iso que, en ocasións e para dar resposta aos veciños, a actuación administrativa non se axusta estritamente ao, por outra parte, ríxido procedemento legal.

Leváronse a cabo, neste sentido nos exercicios anteriores, determinados gastos sen consignación orzamentaria correspondentes a subministros de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación dos servizos xestionados por este Concello, así como gastos de inversión, e que non puideron ser tramitadas e aplicadas a cargo dos respectivos orzamentos

Aínda levados sen contar con crédito orzamentario adecuado e suficiente, o Concello está obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao presuposto municipal. O propio lexislador consciente da existencia de estas actuacións "irregulares" pero en calquera caso necesarias para a prestación de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ao presuposto corrente, imputación nun primeiro momento prohibida por o principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación de un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de ésta; considerando igualmente que a imputación dos gastos no exercicio corrente, visto o estado actual de execución presupostaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente; considerando a efectiva prestación dos servizos e subministres de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Visto o informe de Intervención número RVR 36/2015 de data 17 de xullo de 2015, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ***Acordo:***

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

__PRIMEIRO__. O levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe RVR 36/2015 de 06 de agosto.

SEGUNDO. *Aprobar o recoñecemento de créditos 3/2015 cuxos gastos se detallan como anexo, segundo o seguinte detalle:*

a) Facturas e gastos do exercicio 2014 para as que non existía crédito orzamentario: Proposta de aprobación de gastos mediante REC 3/2015 (Facturas da conta 413).

O importe total da relación de facturas incluídas na proposta REC 3/2015 que se propón para a súa aprobación, facturas todas elas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a 69.246,90€.

A relación comeza pola factura nº 58-2014 de 14/12/2014 de GUILLERMO FERNÁNDEZ MUÍÑOS, CIF 34878680P, por importe de 309,76€, e remata pola factura nº 15/00009 de data 21/01/2015 de TALLERES OLI-MAR SL, NIF: B36430015, por importe de 101,64€. (Adxunta a esta providencia anexo coa relación de facturas para REC 3/15).

__TERCEIRO__. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2015, prorrogado do 2014, os correspondentes créditos con cargo ás partidas indicadas anteriormente e as que se detallan nos anexos mencionados anteriormente."

Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; cinco votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular e dúas abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; aproba a proposta adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO. O levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe RVR 36/2015 de 06 de agosto.

SEGUNDO. Aprobar o recoñecemento de créditos 3/2015 cuxos gastos se detallan como anexo, segundo o seguinte detalle:

a) Facturas e gastos do exercicio 2014 para as que non existía crédito orzamentario: Proposta de aprobación de gastos mediante REC 3/2015 (Facturas da conta 413).

O importe total da relación de facturas incluídas na proposta REC 3/2015 que se propón para a súa aprobación, facturas todas elas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a 69.246,90€.

A relación comeza pola factura nº 58-2014 de 14/12/2014 de GUILLERMO FERNÁNDEZ MUÍÑOS, CIF 34878680P, por importe de 309,76€, e remata pola factura nº 15/00009 de data 21/01/2015 de TALLERES OLI-MAR SL, NIF: B36430015, por importe de 101,64€. (Adxunta a esta providencia anexo coa relación de facturas para REC 3/15).

TERCEIRO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2015, prorrogado do 2014, os correspondentes créditos con cargo ás partidas indicadas anteriormente e as que se detallan nos anexos mencionados anteriormente.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

4.- DITAME DA PROPOSTA DE DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.

O sr. Besada Pérez explica que coma tódolos anos teñen que remitir antes do 30 de setembro a proposta do Concello de festivos locais. De seguido dá lectura da seguinte proposta de acordo:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

Asunto: festivos locais para o ano 2016.

Con data de 4 de agosto de 2015 recibiuse no Concello (rexistro de entrada 4647) escrito remitido polo Servizo de Traballo e Economía Social da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas locais para o ano 2016 (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e nos artigos 45 e 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derrogatoria única do Real Decreto 1561/1995, de 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría antes do 30 de setembro de 2015.

Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamiento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1.- *Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2016:*

- *9 de febreiro de 2016 (Martes de entroido)*
- *18 de xullo de 2016 (Luns do Cristo)*

2.- *Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, antes do 30 de setembro de 2015."*

Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por unanimidade dos membres presentes na sesión, con trece votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; aproba a proposta adoptando os seguintes acordos:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2016:

- 9 de febreiro de 2016 (Martes de entroido)
- 18 de xullo de 2016 (Luns do Cristo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, antes do 30 de setembro de 2015.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

5.- DITAME DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DE REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE ALIMENTOS.

O sr. Besada Pérez dalle a palabra a sra. Concelleira de Servizos Sociais.

A sra. Pérez González, concelleira de servizos sociais, explica que se trata dun programa que xa leva varios anos funcionando no Concello e que consideran fundamental ordenar cun regulamento, tal como llo trasladaron as traballadoras sociais. Di que na Comisión Informativa fixéronse algunhas modificacións e había un par de dúbidas que se comprometeu a aclarar no pleno. Sinala que no regulamento establécense os requisitos que deben cumprir as persoas para recibir os alimentos que se recollen da Cruz Vermella e de todo tipo de eventos. En canto aos requisitos dos beneficiarios do programa sinala que están o empadroamento cun mínimo de antigüidade anque con algunha excepción, non recibir alimentos doutros programas similares, os ingresos, etc. Respecto dos ingresos indica que na Comisión Informativa existían dúbidas con algúns que non se teñen en conta a efectos do cómputo, indicando as compañeiras do PP que non debían considerarse tampouco as axudas de inclusión social. Di que preguntou ás traballadoras sobre este aspecto e sinala que son axudas para necesidades básicas e precisamente por iso hai que computalas porque do contrario sería incurrir en duplicidade, por exemplo percibindo axuda para alimentos e ao mesmo tempo entregándose alimentos. Di que no regulamento se establecen os límites de ingresos que deben ter as persoas para ser beneficiarias e tamén unha baremación para a xente que entre no programa de alimentos, e explica que si nun momento dado hai que facer un reparto inmediato entra en xogo esta baremación para os casos en que non haxa alimento para todos. Di que se trata de regular correctamente.

A sra. González Rodríguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, explica que propuxeron un par de melloras, das cales unha xa se incluíu que era a referente a que fose aplicable o regulamento tanto aos alimentos procedentes da UE como tamén aos donados por distintas entidades ou veciños. Di que a segunda alegación se refería ás axudas de inclusión social (AIS) que son antigas emerxencias sociais que non son só para alimentos porque tamén poden ser para pago de facturas e mobiliario, por exemplo unha cuna. Di que non debe computar como ingreso porque por iso se poder ver alguén que o necesite fóra deste programa; e que si por exemplo, a persoa vai a pedir a través dunha AIS axuda para mobiliario, non ve a incompatibilidade.

A sra. Pérez González di que as traballadoras sociais lle aclararon estas dúbidas e é o seu criterio, o cal considera que se debe ter en conta. Di que tamén existirá un período de alegacións e que nese caso informarán as traballadoras sociais.

A sra. González Rodríguez di que si as inclúen se beneficiarán os veciños, que falan de colectivos de exclusión social, que aínda que se lle faga outra axudiña tampouco pasa nada. Di que lles gustaría que se tivese en conta a emenda.

A sra. Tourón Domínguez, voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, di que se alegra, que botaron catro anos tentanto que a UE e o Ministerio lle marcasen unhas pautas, e que agora se alegran que co cambio de normativa se poida aprobar un regulamento. Di que esto vén de que se cambiou a normativa e se lle obriga ás traballadoras sociais a facer un informe para basarse nalgo. Respecto da emenda do PP pregunta como se divide unha axuda de inclusión social que a veces é puntual e nun momento dado terían que dividir entre os meses e mirar si suman os ingresos; e indica que si fan caso a esta emenda tamén terían que facer unha emenda das axudas de emerxencia social do Concello, que así están liando o tema. Engade que está de acordo coa concelleira de benestar social en que se pode estar duplicando unha axuda para alimentos a uns veciños e non a outros que non a recibiron.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

A sra. González Rodríguez di que nos alimentos están de acordo porque sería unha duplicidade. En canto a como dividir eses ingresos sinala que terían que sentarse e buscar algunha dinámica pero que eles propoñen que non se teñan en conta e que por iso non terían que computalas. Engade que demais son axudas que se dán unha vez ao ano e que lle dá igual quen sexa o emisor, senón que o importante son as familias, os receptores.

De conformidade co artigo 97.5 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, sométese a votación a seguinte emenda proposta polo Grupo Municipal Popular:

"A aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento do Programa de Alimentos do Concello de Salceda de Caselas que se achega con esta proposta, introducindo unha emenda no artigo 3, apartado 4.1 e que consiste en engadir:

-Axudas de inclusión social (AIS), como concepto a non considerar nos ingresos da unidade de convivencia."

Sometida polo Señor Alcalde a votación da emenda, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por seis votos a en contra dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; e sete votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; aproba a emenda.

O sr. Besada Pérez somete a aprobación a seguinte proposta de acordo incorporando a emenda e de seguido pregunta si hai algunha aclaración de voto:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social e Igualdade formulada o 20 de agosto de 2015 e que di o seguinte:

"Considerando a necesidade de asegurar unha distribución xusta dos alimentos que proceden de excedentes recibidos da UE e distribuídos a través do banco da Cruz Vermella, co obxecto de que cheguen ás persoas máis necesitadas do concello en base a criterios obxectivos e de valoración técnica das situacións sociais polo/a traballador/a social.

Considerando a proposta de regulamento realizada polo departamento de servizos sociais, propoño que se realicen os trámites oportunos para aprobar o Regulamento de Funcionamento do Programa de Alimentos do Concello de Salceda de Caselas que se achega con esta proposta."

En uso das potestades regulamentaria e de autoorganización que ten atribuídas o Concello en virtude do artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, é polo que

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

Primeiro. *A aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento do Programa de Alimentos do Concello de Salceda de Caselas que se achega con esta proposta, introducindo unha emenda no artigo 3, apartado 4.1 e que consiste en engadir:*

-Axudas de inclusión social (AIS), como concepto a non considerar nos ingresos da unidade de convivencia.

SEGUNDO. *O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello por un plazo de 30 días. Concluido o período de información pública, si se presentaran reclamacións ou suxerencias, deberán resolverse estas, incorporándose ó texto do Regulamento as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ó Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa. No suposto de que non se presenten reclamacións no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entonces provisional, extendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.*

TERCEIRO. *O acordo de aprobación definitiva do Regulamento, xunto co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, non entrando en vigor ata que transcorran 15 días hábiles."*

A sra. Tourón Domínguez sinala que si se ten en conta a emenda votarán a favor porque efectivamente si é un ingreso puntual, por exemplo de 300 euros, e se divide entre os tres meses que lle van a dar, estase quitando xente que si que deberían estar, porque estarían en risco de exclusión social.

Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por unanimidade dos membres presentes na sesión, con trece votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; aproba a proposta adoptando os seguintes acordos:

Primeiro. A aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento do Programa de Alimentos do Concello de Salceda de Caselas que se achega con esta proposta, introducindo unha emenda no artigo 3, apartado 4.1 e que consiste en engadir:

-Axudas de inclusión social (AIS), como concepto a non considerar nos ingresos da unidade de convivencia.

SEGUNDO. O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello por un plazo de 30 días. Concluido o período de información pública, si se presentaran reclamacións ou suxerencias, deberán resolverse estas, incorporándose ó texto do Regulamento as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ó Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa. No suposto de que non se presenten reclamacións no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entonces provisional, extendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

TERCEIRO. O acordo de aprobación definitiva do Regulamento, xunto co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, non entrando en vigor ata que transcorran 15 días hábiles.

PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

6.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN Nº RVR 28/15 DE 9 DE XULLO DE 2015 E DE TESOURERÍA Nº 035/2015 DE 9 DE XULLO DE 2015 RELATIVOS Á INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO NIVEL DE MOROSIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015.

O sr. Besada Pérez explica que son os informes preceptivos que lles marca o Ministerio de Facenda para facer a nivel trimestral. DASE CONTA.

7.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN Nº RVR 29/15 DE 9 DE XULLO DE 2015 RELATIVO Á INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015.

O sr. Besada Pérez indica que son informes preceptivos. DASE CONTA.

O sr. Núñez Troncoso, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, di que visto o informe de intervención están en 66,98 días cando a lei di que non deben superar os 30 días.

8.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS PRESENTADOS POLOS VOCEIROS DE CADA GRUPO PARA ADSCRIBIR OS MEMBROS DA CORPORACIÓN ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

DASE CONTA polo sr. Besada Pérez, Alcalde-Presidente.

9.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA: DENDE O Nº 161/2015 DE 21 DE ABRIL ATA O Nº 343/2015 DE 21 DE AGOSTO.

DASE CONTA polo sr. Besada Pérez, Alcalde-Presidente.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

10.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

PRIMEIRA MOCIÓN: QUE PIDE A RETIRADA DA LEI ORGÁNICA 4/2015, PROTECCIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.

O sr. Besada Pérez explica que comezarán pola orde en que foron presentadas as mocións por rexistro. De seguido sinala que a primeira moción pide a retirada da Lei orgánica 4/2015, protección e seguridade cidadá; e que a mesma foi presentada polo Grupo Municipal do PsdeG-PSOE.

A sra. Tourón Domínguez, voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE dá lectura da seguinte moción:

MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO SOCIALISTA DEL AYUNTAMIENTO DE SALCEDA DE CASELAS PARA RETIRAR LA LEY ORGÁNICA 4/2015, DE 30 DE MARZO, DE PROTECCIÓN DE SEGURIDAD CIUDADANA (LEY MORDAZA).

De acuerdo con lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, el Grupo Municipal Socialista del Ayuntamiento de Salceda de Caselas desea someter a la consideración del Pleno la siguiente Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El PP aprobó el pasado 11 de diciembre, en solitario, su Ley de Seguridad Ciudadana con la oposición frontal del PSOE. Se trata de una "ley mordaza" que rompe el espíritu de la Constitución y que el PSOE procederá a derogar en cuanto regrese al Gobierno. Esta ley no sólo no ha contado con el respaldo parlamentario de los partidos de la oposición sino que ha sido recurrida ante el Tribunal Constitucional por una amplia mayoría de los mismos: el PSOE ha promovido el recurso de inconstitucionalidad contra la Ley Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridad Ciudadana, junto con Izquierda Plural (IU, ICV-EUiA), UPyD, Compromís-Equo, y Coalición Canaria.

No existe una demanda social para una norma absolutamente innecesaria, que supone un recorte de derechos políticos y civiles recogidos en la Constitución, por lo que lo único que busca el Gobierno es un retorno al Estado policial.

Rajoy está demostrando ser el presidente más retrógrado de la democracia española, está legislando solamente para la derecha más extrema y está aprobando recortes en derechos y libertades en cada Consejo de Ministros que se celebra.

Es evidente que el Gobierno tiene miedo a la contestación social, le molesta y convierte a la ciudadanía que protesta en ciudadanos y ciudadanas bajo sospecha. La ley mordaza es una ley desmesurada y desproporcionada, tanto por las restricciones que contempla como por el agravamiento de las cuantías de las multas. Busca castigar más ofreciendo menos garantías jurídicas a la ciudadanía.

Con esta ley, por citar varios ejemplos, se podrá castigar con hasta 30.000 euros una manifestación para impedir un desahucio o con hasta 600 euros las faltas leves, que son las más comunes. Se podrá multar a quien difunda imágenes de antidisturbios golpeando sin necesidad a manifestantes, o considerar una amenaza a la seguridad ciudadana negarse a mostrar el DNI. Además, quienes participen en una manifestación espontánea, esto es, no notificada previamente a la Delegación del Gobierno —cosa que ocurre en el 50% de las protestas- podrán ser también multados.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

Al Gobierno del PP le molesta la gente en la calle, pero el problema no son los ciudadanos y ciudadanas que critican la acción del Gobierno y sus políticas antisociales. Si la derecha gobernante quiere frenar las protestas sociales que tanto les perturban, lo que debe hacer es rectificar su política económica y echar freno a la desigualdad, pero no arremeter contra el ciudadano que protesta en la calle. Con esta ley, el PP demuestra que no acepta el derecho a la queja y a la discrepancia.

Es evidente que con la excusa de la crisis, el PP ha recortado los derechos sociales. Ahora, con la excusa de la seguridad, busca cercenar las libertades políticas y civiles. Un nuevo recorte de derechos que se suma a los ya perpetrados durante estos tres años del PP en educación, sanidad, derechos laborales, justicia.

Los socialistas seguiremos trabajando para preservar la cohesión social, la libertad y la igualdad de oportunidades de toda la ciudadanía, impulsando desde los municipios las prestaciones necesarias de servicios sociales y promoviendo la reinserción social de las personas en situación de mayor vulnerabilidad. Medidas de prevención, que, desde las entidades locales, pueden asegurar el deseable bienestar de nuestra ciudadanía y el aseguramiento de sus derechos y libertades, y ayudar a "minimizar" el efecto de la mal llamada Ley de Protección de Seguridad Ciudadana.

Por estas razones planteamos que el PP retire la "ley mordaza", porque lima la cohesión social, cuestiona frontalmente el Estado de Derecho y limita los derechos y las libertades de ciudadanía que hemos conquistado en estos años de democracia desde que se aprobó la Constitución en el año 1978.

Por todo ello, el Grupo Municipal Socialista en el Ayuntamiento de Salceda de Caselas somete a votación la siguiente MOCIÓN para ser aprobada y en la que se insta al Gobierno de España a:

Retirar la Ley Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridad Ciudadana (Ley Mordaza) porque restringe indebidamente el ejercicio de los derechos y las libertades de nuestra ciudadanía y representa un ataque frontal a nuestro Estado de Derecho.

A sra. Tourón Domínguez sinala que o PSOE estará en contra sempre de todo o que limite dereitos dos cidadáns, e que esta é unha lei que para nada estaba demandada pola cidadanía.

VOTACIÓN DA URXENCIA: A continuación sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é **aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, con trece votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.**

O sr. González Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Movemento Salceda, di que dende o seu grupo tamén apostan pola liberdade de expresión sobre todo nestes momentos en que a cidadanía está bastante cabreada. Sinala que na lei contémplanse sancións que poden chegar ata 600.000 euros a un cidadán moitas veces por reclamar cousas como un desafiuzamento. Di que na lei mirou corenta e catro razóns polas que se pode sancionar, e ademais terán liberdade as forzas e corpos de seguridade e non un xuíz. Di que lle parece desproporcionado e inxusto. Manifesta que o goberno a veces é a maneira que busca para atallar determinadas cousas cunha mordaza aos cidadáns para que non expresen o que lle parece inxusto.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O sr. Rodríguez Davila, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popuar, indiac que esta lei o que garante son os dereitos e as liberdades dos cidadáns, e que por uns non se impida que exerzan o seu dereito quenes o teñen. Di que eles non son ningunha estrema dereita, que non van a berrarlle e a pintarlle a casa aos veciños, que están misturando allos con cebolas. Di que unha cousa é propoñer a mellora dunha lei e outra pedir porque si a retirada dunha lei sen ver si é eficaz ou non.

Sinala que a lei está pensada para que donde termina a liberdade de un comece a dos demais e que non é desproporcionada nin desmesurada, e que si a comparan con accións que levou o goberno en minoría nestes meses ao mellor non é tan desproporcionada, por exemplo non respetar ao pobo na Corporación Municipal cando fixaron as súas retribucións, non respetando o dereito dos cidadáns a ser representados.

Di que todo é mellorable pero por primeira vez unha lei regula os aspectos de identificación das persoas, separa por diferentes graos os delitos, define por primeira vez o concepto de seguridade según o Convenio de Dereitos Humanos, mellora a intervención das forzas e corpos de seguridade do estado, regula a utilización indebida de imaxes grabadas polas forzas e corpos de seguridade e en definitiva que a lei cumpre ampliamente o espírito dos dereitos e liberdades das persoas. Engade que hai persoas que pensan que poden facer o que lles pete por estar nun estado de liberdades e dereitos, e que non pode ser así. Di que votarán en contra da aprobación da retirada desta lei.

A sra. Tourón Domínguez di que o PP pensa que con esta lei se garanten as liberdades e que o seu grupo pensa o contrario. Sinala que unha lei se debe facer si é demanda polos cidadáns e neste caso non o é, ademais de que limita as liberdades.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a moción anterior QUE PIDE A RETIRADA DA LEI ORGÁNICA 4/2015, PROTECCIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ; o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; e cinco votos en contra dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, aproba a moción.

SEGUNDA MOCIÓN: UN HOSPITAL 100% PÚBLICO PARA A ÁREA DE VIGO.

O sr. Besada Pérez explica que o 24 de agosto de 2015 Movemento Salceda presentou a moción para un hospital 100% público para a área de vigo e o 25 de agosto o PSOE e hoxe o PP, e que na finalidade as mocións coinciden pero na exposición de motivos se discrepa.

A sra. Castiñeira Alén, concelleira pertencente ao Grupo Municipal de Movemento Salceda, di que antes de ler a moción presentada por Movemento Salceda, quere matizar que no encabezamento fálase de movemento municipal cando se quería dicir Movemento Salceda. De seguido dá lectura da seguinte moción.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

MOCIÓN POR UN HOSPITAL 100% PÚBLICO PARA A ÁREA DE VIGO

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o grupo Movemento Municipal, desexa someter á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

Exposición de motivos:

Recentemente ven de botar a andar o Hospital Álvaro Cunqueiro, que dará cobertura, entre outros, ao Concello de Salceda de Caselas. Dentro das privatizacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia no novo hospital, dende Movemento Salceda vemos con especial preocupación a referida ao servizo de aparcamento. Na nosa vila hai pacientes que teñen que acudir diariamente ao hospital a recibir tratamentos ou a realizar o coidado de familiares ingresados, o cal lle supón varias horas ao día de parking.

O aparcamento do Hospital Álvaro Cunqueiro, de pago, fuinciona por contrato asinado con unha concesionaria, con máis de 4.000 prazas, que lle garante á empresa concesionaria unha rendibilidade económica moi sustancial. A tarifa do aparcadoiro é de 1,86€/hora para os/as usuarios/as, o que suón sumas verdadeiramente elevadas para as persoas que pasan varias horas nas instalacións do hospital, como é o caso dos enfermos crónicos ou os que asisten a terapias como diálise, radioterapia, quimioterapia...

A situación complícase además coa inexistencia de lugares alternativos para o estacionamento dos vehículos, tanto para os traballadores e traballadoras como para pacientes e familiares. Nese senso, hai que destacar o canon anual de 70 millóns de euros que o SERGAS ten que pagar á concesionaria do hospital durante 20 anos. Estímase que o aparcamento daralle á empresa un beneficio anual de dez millóns de euros.

Por outra banda, o novo hospital abre con 744 camas menos das anunciadas e con importantes carencias nos diversos departamentos, tal e como ven denunciando o persoal hospitalario en diferentes medios.

Por todo o exposto, Movemento Salceda insta ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas á adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao SERGAS á gratuidade do servizo de parking do Hospital Álvaro Cunqueiro.

2.- Demandar da Xunta de Galicia a posta en marcha dun hospital 100% público para a área sanitaria de Vigo con tódolos servizos, incluído laboratorio central, e coa capacidade e recursos materiais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades da nosa área sanitaria.

3.- Que o Concello de Salceda de Caselas facilite e apoie a realización das diferentes iniciativas que se leven a cabo en defensa dun hospital 100% público.

A sra. Castiñeira Alén sinala que quixera incorporar un cuarto punto que si recolle a moción do PSOE e que se traduce en incoporar o punto número tres dos acordos a adoptar que se indican na moción do PSOE, porque na exposición de motivos di que están de acordo. Dá lectura deste novo punto a incorporar:

3. Demandar das autoridades competentes no transporte, a adopción de medidas que permitan establecer unha rede de transporte público específico para o acceso ós Hospitais da nosa área sanitaria, especialmente ó novo hospital, que garanta a efectividade do transporte para todos os usuarios e usuarias da nosa área sanitaria.

A sra. Tourón Domínguez, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, di que é un tema o suficientemente importante para que os tres partidos políticos cheguen a un acordo conxunto. Di que os acordos a tomar son similares pero o único en que non están de acordo é na exposición de motivos da moción. Di que a moción de Movemento Salceda concorda bastante coa súa e que agardará a que o PP expoña a deles para ver si poden chegar a un entendemento.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O sr. Rodríguez Davila, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, di que para chegar a entendemento terán que acordar os puntos a votar. Di que nos importantes están de acordo pero discrepan no punto de hospital 100% público, e que no resto de gratuidade do parking, transporte e melloras do hospital están de acordo. Di que todo é mellorable e están abertos a iso.

O sr. Besada Pérez di que votan a urxencia tendo en conta ese punto que se incorpora a moción de Movemento Salceda provinte da moción do PSOE.

VOTACIÓN DA URXENCIA: A continuación sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é **aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, con trece votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda; Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.**

O sr. Rodríguez Davila explica que na exposición de motivos non coinciden e do que se trata é de acordar os puntos a votar porque a finalidade é a mesma e pódense esquecer da exposición de motivos. Di que están de acordo coa gratuidade do parking, mellora do transporte público, e co punto que propón o PP de solicitar á administración competente nas estradas unha sinalización ao respecto, ademais de que apoian as melloras que se reivindiquen polos diferentes colectivos para o novo hospital.

A sra. Castiñeira Alén di que o punto da moción do PP que recolle a mellora da sinalización pode incluirse, pero indica que non están de acordo con retirar o primeiro punto da moción do PSOE e o segundo da moción de Movemento Salceda e que fan referencia a un hospital 100% público. Di que un novo hospital con menos camas, falta de equipamento, falta de material en quirófano, esperas, o parking máis caro de España... é un copago.

A sra. Tourón Domínguez di que defenden 100% sanidade pública e que si o compañeiro do PP asinte que é 100% público non debería ter problema a que se inclúa o punto.

O sr. Rodríguez Davila di que unha cousa é falar de sanidade e outra de hospital. Indica que no hospital tamén se contemplan os servizos externos. Di que saben todos que a sanidade non é gratuíta porque a pagan todos a través dos impostos, anque a sanidade é pública. Di que o sistema de externalizar os servizos existe. Di que están de acordo si no punto de demandar á Xunta de Galicia o hospital 100% público se indica no seu lugar o de 100% de sanidade pública.

O sr. Besada Pérez di que están confundindo gratuíto con público. Que están falando de sanidade pública privatizada. Di que esquecen que o PP foi o que decidiu unha concesión para a construción do hospital público de 70 millóns a pagar durante 20 anos, e que nos consellos de administración dos adxudicatarios están destacados membros do PP e das familias dos conselleiros. Manifesta que o PP agora tenta tapar as súas vergoñas e que agora a sociedade galega dase conta do que custa aparcar o coche. Di que falan dunha concesión a unha empresa privada, e indica que a exposición de motivos que cita o PP é mellor non lela sobre todo cando falan de sanidade. Di que o PP di unha cousa aos veciños e despois utiliza políticas de privatización.

A sra. Castiñeira Alén pregunta si o PP está disposto a manter o punto dous de demandar un hospital 100% público.

O sr. Rodríguez Davila di que o que dixo foi en referencia á sanidade pública e non ao hospital. Pide que se cambie o concepto.

O sr. González Rodríguez di que a sanidade xa é pública. Que agora falan dos servizos que presta o hospital.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O sr. Rodríguez Davila di que sería unha incongruencia respecto dos servizos externalizados non sanitarios. Di que meter todo no mesmo paquete non lle parece razoable, porque poden compartir a externalización en empresas de servizos que non sexan sanitarios.

O sr. Besada Pérez di que o concepto é público privatizado, non externalización de servizos.

A sra. Tourón Domínguez di que están falando de hospital 100% público. Que hai servizos sanitarios e non sanitarios pero que o PP non debería ter reparos en aprobar unha moción como esta e que en A Guarda chegaron a un acordo.

A sra. Castiñeira Alén dá lectura dos puntos que se someterán a acordo: os tres puntos da moción de Movemento Salceda, incorporando o punto 3º da moción presentada polo PSOE e incorporando o punto 3º da moción do PP (en total serían 5 puntos).

O sr. Rodríguez Davila di que si cambian o concepto de hospital polo de sanidade 100% pública está de acordo. Polo tanto están de acordo nos 4 puntos salvo o concepto que se engloba nese punto en concreto. Di que se están enganando a eles mesmos cando saben que o 100% dos servizos do hospital non son así, como aconteceu tamén en mandatos do partido socialista. Di que o fácil é votar a favor e quedar xenial pero hai que ser coherentes á hora de defender a realidade.

A sra. Tourón Domínguez di que sempre defenderon os dereitos dos veciños e veciñas de Salceda.

Sométese polo Señor Alcalde a votación a seguinte moción:

MOCIÓN POR UN HOSPITAL 100% PÚBLICO PARA A ÁREA DE VIGO

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o grupo Movemento Municipal, desexa someter á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

Exposición de motivos:

Recentemente ven de botar a andar o Hospital Álvaro Cunqueiro, que dará cobertura, entre outros, ao Concello de Salceda de Caselas. Dentro das privatizacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia no novo hospital, dende Movemento Salceda vemos con especial preocupación a referida ao servizo de aparcamento. Na nosa vila hai pacientes que teñen que acudir diariamente ao hospital a recibir tratamentos ou a realizar o coidado de familiares ingresados, o cal lle supón varias horas ao día de parking.

O aparcamento do Hospital Álvaro Cunqueiro, de pago, funciona por contrato asinado con unha concesionaria, con máis de 4.000 prazas, que lle garante á empresa concesionaria unha rendibilidade económica moi sustancial. A tarifa do aparcadoiro é de 1,86€/hora para os/as usuarios/as, o que suón sumas verdadeiramente elevadas para as persoas que pasan varias horas nas instalacións do hospital, como é o caso dos enfermos crónicos ou os que asisten a terapias como diálise, radioterapia, quimioterapia...

A situación complícase ademáis coa inexistencia de lugares alternativos para o estacionamento dos vehículos, tanto para os traballadores e traballadoras como para pacientes e familiares. Nese senso, hai que destacar o canon anual de 70 millóns de euros que o SERGAS ten que pagar á concesionaria do hospital durante 20 anos. Estímase que o aparcamento daralle á empresa un beneficio anual de dez millóns de euros.

Por outra banda, o novo hospital abre con 744 camas menos das anunciadas e con importantes carencias nos diversos departamentos, tal e como ven denunciando o persoal hospitalario en diferentes medios.

Por todo o exposto, Movemento Salceda insta ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas á adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao SERGAS á gratuidade do servizo de parking do Hospital Álvaro Cunqueiro.

2.- Demandar da Xunta de Galicia a posta en marcha dun hospital 100% público para a área sanitaria de Vigo con tódolos servizos, incluído laboratorio central, e coa capacidade e recursos materiais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades da nosa área sanitaria.

3.- Que o Concello de Salceda de Caselas facilite e apoie a realización das diferentes iniciativas que se leven a cabo en defensa dun hospital 100% público.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

4.- Demandar das autoridades competentes no transporte a adopción de medidas que permitan establecer unha rede de transporte público específico para o acceso ós Hospitais da nosa área sanitaria, especialmente ó novo hospital, que garanta a efectividade do transporte para todos os usuarios e usuarias da nosa área sanitaria.

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; e cinco abstencións dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, aproba a moción.

De seguido o sr. Besada Pérez dalle a palabra ao sr. Rodríguez Davila para que expoñan a moción presentada polo Grupo Municipal Popular.

O sr. Rodríguez Davila di que o resume da súa moción é recordar donde aparcan agora nos diferentes hospitais; e que tal como está a día de hoxe non están de acordo co parking do Cunqueiro. Sinala os acordos que solicitan na súa moción.

A sra. Castiñeira Alén di que non sabe porque non leron a exposición de motivos da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, porque algunha das cousas que se din fanlle gracia, como comparar o cobro aos veciños por utilizar piscina e pavillón co cobro dun parking para ir a un hospital público, o máis caro de todo o estado. Di que de tódolos xeitos están de acordo cos puntos a votar na moción pero absteranse porque consideran a moción incompleta.

A sra. Tourón Domínguez di que si miran a exposición de motivos deixa moito que desexar, comparar o da piscina co hospital é unha falta de respecto aos veciños. Di que do que se trata é de pedir que se melloren as cousas e que pagar por aparcar un coche nun lugar donde non se ten acceso doutra maneira non pode ser. Di que se absterán na votación desta moción.

A moción que se somete a votación é a seguinte:

MOCIÓN PARA DEMANDAR A CONSELLERÍA DE SANIDADE (SERGAS) E OUTRAS ADMINISTRACIÓNS, MELLORAS NO NOVO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO.

Exposición de motivos:

Nas últimas semanas ven de porse en marcha a infraestrutura sanitaria máis grande construida nunca pola Xunta de Galicia, un hospital dotado da máis alta tecnoloxía e que situa a Galicia dentro do mapa sanitario a nivel europeo.

Unha obra feita no peor situación posible, unha obra que contou con pouca axuda e sí moitos atrancos, unha realidade que negaban que fose posible e que a día de hoxe e tanxible, palpable e sobre todo un equipamento para que se poida utilizar na mellora asistencial.

Como toda obra ten defectos e melloras que temos que solucionar entre todos/as. O parking é unha delas, despois de escoitar, ver e comprobar como non existe alternativa gratuita o estacionamento nesa nova insfraestrutura, e analizando de onde "partimos" no tocante os aparcamentos nos outros hospitais, (Meixoeiro, Xeral, Cies...), facemonos as seguintes preguntas en voz alta: onde se aparcaba neses hospitais?, como se pagaba? estaban a cuberto ou a intemperie? (no Álvaro Cunqueiro aparcamos no propio edificio sin ter que ir a choiva), era legal ou irregular? , matices todos eles que tendremos que por enrriba da mesa a hora de facer unha valoración do servizo, das instalacións, da comodidade etc.

Voltamos a preguntar! No noso Concello cobraselle os veciños/as por utilizar infraestruturas públicas? Si, piscina, pavillón...,non é o aparcamento para ir a esas instalacións públicas, e por utilizar as mesmas, no caso do Hospital non se cobra por ir e utilizar o mesmo, se non por aparcar para ir.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

Este grupo popular, sendo unha vez máis coherentes e rigurosos no noso análise, entendemos que non pode ser que veciños/as do noso Concello teñan que pagar as tarifas actuais, cando non existe alternativas de valde, sobre todo cando van a recibir tratamento ou van a consultas que si se sabe cando se chega pero non cando se termina.

Na situación actual , (independentemente das solucións que no futuro próximo se poidan dar) , este grupo somete á aprobación polo Pleno, se así o considera, a seguinte moción:

1. Solicitar a Consellería de Sanidade (Sergas) a gratuidade do parking.
2. Melloras no transporte público para o desprazamento o Hospital Álvaro Cunqueiro.
3. Solicitar as administracións competentes, o estudio e propostas de melloras nas señalizacións nas diferentes insfraestruturas viarias (AP-9, A-57, A-55 e estradas secundarias e limítrofes de acceso o Hospital).

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, con oito abstencións dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; e cinco votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, aproba a moción.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

1º ROGO

A sra. Tourón Domínguez, voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE di que logo de escoitar aos veciños traen unha proposta en forma de rogo ao goberno, tratándose a mesma de pedirlle ao goberno a adaptación dos parques infantís para os nenos e nenas con mobilidade reducida. Explica que se basa en facilitar a integración destes nenos e nenas cos seus iguais e por elo pídenlle ao goberno municipal que cando se realicen actuacións nos parques infantís se teña en conta o colectivo infantil dos nenos con mobilidade reducida.

O sr. Besada Pérez di que farán todo o posible para que nos vindeiros proxectos de parques infantís se teñan en conta estas cousas e queda asumido polo goberno municipal.

2º ROGO

O sr. Besada Pérez sinala que se presentou polo Grupo Municipal do PSOE e por rexistro o seguinte rogo:

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Salceda de Caselas** en base ó disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais formula ó Sr. Alcalde, esta proposta de goberno en forma de **ROGO**:

CREACIÓN DUN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS, con base na seguinte,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rexistro é unha función pública que ten por obxecto deixar constancia oficial do fluxo documental de solicitudes, escritos e comunicacións recibidas ou remitidas polo Concello, mediante a práctica de asentos de entrada e saída.

O partido socialista entende, que o Rexistro Xeral, é a peza fundamental do bo funcionamento da administración local, xa que del parte a maior parte da actividade do concello, polo que ten que funcionar ó 100% en calquera momento do ano.

Nas últimas datas téñense ocasionado deficiencias no rexistro, causadas pola falta dun protocolo e por a mala organización do período de vacacións, que leva a substituír o persoal do rexistro por persoas alleas a este posto, sen a suficiente formación e sen a información precisa no traslado de funcións, o cal ocasiona un deficiente servizo ó cidadán.

Ademais, da consulta do rexistro despréndese que non hai un tratamento uniforme da información, arquivando en algúns casos o documento completo que se recibe e noutros unha soa páxina, que en ocasións nin sequera fai referencia ó asunto que se está rexistrando.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

Ademais das disposicións pola que se rexe o Rexistro Xeral (lei 30/1992, de 26 de novembro, e o Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro e demais normativa aplicable), o concello, cando as circunstancias o aconsellen, ten que poder adoptar medidas que garantan o eficaz e correcto funcionamento das oficinas do rexistro xeral e posibilitar o exercicio do dereito de terceiros á presentación de documentos e isto pódese facer efectivo a través dun Regulamento aprobado para tal fin.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Salceda de Caselas presenta esta proposta en forma de **ROGO** ó Sr. Alcalde,

Que se elabore e aprobe un regulamento do rexistro xeral do concello, que ordene a súa organización e funcionamento, dotando ó mesmo dunha normativa propia que garanta o seu eficaz funcionamento. Que inclúa, entre outros aspectos, a obrigatoriedade de arquivar copia do documento completo que chega ou sae do Concello, así como unha relación de persoal asignado a este departamento que posúa o coñecemento do protocolo a seguir.

A sra. Tourón Domínguez dá lectura do rogo e de seguido sinala que falta un protocolo e existe mala organización do persoal no período de vacacións. Di que non hai un tratamento uniforme da información arquivando nalgúns casos todo o documento e noutros unha soa páxina, e que a veces nin se fai referencia ao asunto que se está rexistrando. Aclara que o rogo é que se elabore e aprobe un regulamento do rexistro xeral do Concello que inclúa a obrigatoriedade de arquivar o documento completo que chega ou sae do Concello.

O sr. Besada Pérez di que este é un tema basicamente técnico. Di que é a primeira queixa que ten do rexistro en anos anos. Explia que hai unha funcionaria titular que leva o rexistro e o modo de funcionamento é o que houbo sempre. Di que tamén ten dereito a funcionaria a vacacións que e hai momentos nos que non pode estar. Di que non foi motivo de queixa en ningún momento e que tamén teñen que ter en conta o persoal que hai. Sinala que todo o que sexa mellorar se estudiará. Dille que debería saber que non hai obrigatoriedade de arquivar todos os documentos. Conclúe indicando que asumen o rogo e estudiarán a posibilidade de mellorar.

A sra. Tourón Domínguez di que non fai unha queixa senón un rogo, que pide un regulamento que explique ben como se fai e se siga un criterio. Di que xa sabe que non hai obriga de arquivalo todo pero que nalgúns casos todos os documentos estaban arquivados e noutros non, e iso é por falta de criterio que obedece a según a persoa que esté alí.

O sr. Besada Pérez di que asume o rogo sempre que sexa viable. Indica que o protocolo é o que se sigue sempre anque poidan existir erros puntuais.

O sr. González Rodríguez di que é certo que para todos os servizos, non só no rexistro, igual debería existir un regulamento para cada un deles; pero que o protocolo a seguir no rexistro se lle explica a todos os administrativos que teñen que estar alí se teñen que substituir á titular. Di que se terá en conta para o seguinte período vacacional, pero non é para alarmar.

A sra. Tourón Domínguez di que non pretende facer unha queixa senón unha proposta para regular o servizo e non as persoas.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O sr. González Rodríguez di que tamén había que regular o banco de alimentos e non se fixo e que a veces non hai tempo, si se poñen a regular todos os procedementos de todos os traballadores.

A sra. Tourón Domínguez di que o regulamento do banco de alimentos non se fixo porque esto implícao a nova normativa que saiu no mes de maio.

O sr. González Rodríguez di que o podían regular igual.

O sr. Besada Pérez di que a organización das vacacións é a mesma que cando ela estaba no Concello.

PREGUNTAS

1ª PREGUNTA. O sr. Rodríguez Davila pregúntalle ao sr. Alcalde si ten coñecemento ou sabe de que a empresa que está redactando o PXOM ten algún tipo de problema, polo que poida pasar coa redacción do PXOM.

O sr. Alcalde, Besada Pérez, responde que non ten coñecemento formal nin informal. Que no mes de setembro retomarán os traballos.

2ª PREGUNTA. O sr. Núñez Troncoso dille ao sr. Alcalde en relación ao rogo do rexistro que o problema sempre é polos funcionarios e indica que é necesario facer un regulamento do rexistro. Explica que un día accederon ao rexistro e viron un número de rexistro reservado por Carla e pregunta si lle parece correcto.

O sr. Besada Pérez di que iso é o portelo único.

A sra. Pérez Pérez aclara que simplemente houbo unha confusión e que o rexistro de entrada era rexistro de saída.

O sr. Núñez Troncoso pregúntalle si sabe como se resolveu ese problema.

A sra. Pérez Pérez di que o descoñece e que pasa unha cousa, que os erros humáns existen haxa regulamento ou non.

3ª PREGUNTA. O sr. Núñez Troncoso pide que lle expliquen como foi todo o proceso de regularización catastral que se está facendo estes días.

O sr. González Rodríguez, concelleiro de Facenda, di que o IBI é un imposto que depende do Ministerio de Facenda e ten delegado o cobro nos Concellos e ingrésao o Concello. Di que o Ministerio fixo un plan de traballo para acometer revisións catastrais de bens que non están declarados e o Concello de Salceda é un dos que se inclúe. Sinala que o Ministerio considera que todos os bens que están edificados en todos os concellos do Estado, debe tributarse por eles. Explica que se paga unha taxa de 60 euros porque o Ministerio non acolleu cos seus funcionarios o traballo de revisión e fixoo a través de empresas privadas e agora pásallo ao cobro dos 60 euros aos cidadáns. Di que a maneira de xestionar o imposto e regularizar piscinas, cubertos, galpóns, churrasqueiros... é o que se está levando a cabo no Concello de Salceda externalizado nunha empresa, ao igual que está pasando noutros Concellos en España. Di que botaron de menos que catastro non mandara unha persoa de reforzo polo tema das alegacións.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

O sr. Núñez Troncoso dille ao sr. González Rodríguez que lle tenta meter unha bola coma un piano. Di que o IBI é un imposto municipal e a valoración que faga o ministerio de facenda a través do catastro non quita que sexa un imposto municipal.

INTERRÓMPENSE o sr. Besada Pérez, o sr. Núñez Troncoso e o sr. González Rodríguez.

O sr. Núñez Troncoso continúa sinalando que a taxa non é polos traballos que faga a empresa, senón por unha alta catastral e está na regulación de altas novas de construcións; e indica que si se dá voluntariamente unha alta nova ten que pagar a taxa, e non fai falta que vaia a empresa, o que implica que son sesenta euros de taxa por alta nova. Pregunta quen solicitou a regularización.

O sr. Besada Pérez di que os Concellos, pero non solicitar; e que o que existía era a opción para que si unha xente paga polas súas construcións e outros non, o lóxico é que paguen todos.

O sr. González Rodríguez di os valores catastrais de Salceda son do 89, dos máis baixos, e o Ministerio de Facenda lles presiona para que actualicen.

O sr. Núñez Troncoso di que para eso hai que solicitar a actualización. Di que na carta do Ministerio de Facenda suxire pero non obriga; e foi o Concello o que solicitou a regularización.

O sr. Besada Pérez di que esta opción déuselle ao Concello e os veciños de Salceda teñen que estar en igualdade de condicións.

INTERRÓMPENSE o sr. Besada Pérez, o sr. Núñez Troncoso e o sr. Rodríguez Davila.

4ª PREGUNTA. O sr. Núñez Troncoso pregunta si se solicitou a actualización de coeficientes.

O sr. González Rodríguez di que non se solicitou.

5ª PREGUNTA. O sr. Núñez Troncoso pregunta sobre as notificacións que están saíndo e si é normal que un galiñeiro pague máis que unha casa?

O sr. Besada Pérez di que eso terá que preguntarllo ao Ministerio ou á Dirección Xeral de Catastro. Sinala que no tempo que estivo gobernando o PP non fixo a ponencia de valores, solicitándolla a Catastro. Di que no 2007 había 3.000 vivendas en Salceda que non estaban dadas de alta, o 60% das vivendas de Salceda non pagaban, e coas normas subsidiarias de desastre que tiñan si se fixera a ponencia de valores miles de fincas que tiñan a consideración de rústicas a efectos de solar pasarían a computar coma urbanas, como pasa por exemplo en Salvaterra.

O sr. Núñez Troncoso dille que agora dirá a súa versión, que a ponencia de valores é do 89 e a Lei do Catastro di que como mínimo para solicitar a próxima revisión teñen que pasar 10 anos.

INTERRÓMPENSE o sr. Besada Pérez e o sr. Núñez Troncoso.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

6ª PREGUNTA. O sr. Núñez Troncoso di que no rexistro de saída viron un burofax do 30 de xullo polo que se cesa á persoa que está no rexistro con efectos do 22 de xullo. Pide explicacións.

O sr. González Rodríguez di que o 22 de xullo acababase o contrato que tiña esta traballadora que contemplaba un máximo de 3 anos ampliable un ano máis por convenio, anque esto non se lle aplicaba.

O sr. Núñez Troncoso di que verán as consecuencias disto.

7ª PREGUNTA. O sr. Núñez Troncoso pregunta si xa se negociou coa empresa pola festa dos Callos, e si se negociou antes ou despois e cal será o prezo da tapa.

A sra. Pérez González responde que se negocia antes da Festa un prezo e que despois se pode reaxustar en función das vendas. Di que o prezo da tapa sube un euro e custará oito euros e para a casa tamén, porque se persigue que se consuman na festa.

O sr. Núñez Troncoso pregunta si o motivo polo que se sube é por ser deficitaria a festa dos Callos.

A sra. Pérez González di que máis ou menos está quedando a pre.

O sr. Núñez Troncoso di que entón o goberno municipal ten todos os datos e que pedirán a información e facturas.

8ª PREGUNTA. O sr. GONZÁLEZ SOUTO pregunta sobre a humanización da Rúa Pontevedra, e di que na obra aparecía un cartel con prazo de execución da obra en 21 días. Pregunta si está recepcionada e si existirán consecuencias por non acabala en prazo.

O sr. Besada Pérez responde que a obra en si estaba rematada máis ou menos en prazo pero a obra total non inclúe toda a beirarrúa de Nesti. Di que teñen pendente unha xuntanza definitiva coa empresa e cando así sexa tomarán as medidas que poña o contrato. Di que unha parte importante da obra que se executou aí non estaba prevista na subvención da Deputación.

O sr. González Souto pregunta si 21 días quere dicir que se executou o adoquinado, que foi o último traballo.

O sr. Besada Pérez di que eso indicarao o informe do director de obra.

O sr. González Souto pregunta que medidas se adoptarán porque si a obra non está recepcionada, as deficiencias que aprecia calquera persoa son ondas do asfalto, deterioro no adoquín a nada de executarse...

O sr. Besada Pérez di que as empresas depositan un aval e as obras teñen que quedar conforme ao proxectado, hai que cumprir.

O sr. González Souto di que nesa obra se pavimentaron beirarrúas privadas. Pregunta si se firmou un convenio de colaboración e si hai documentación para saber quen pagou cada cousa.

O sr. Besada Pérez di que na parte privada a empresa chegaría a un acordo cos interesados privados.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

9ª PREGUNTA. O sr. GONZÁLEZ SOUTO pregunta si está recepcionada a obra da pista deportiva da Devesa.

A sra. Pérez Pérez responde que aínda non, que aínda non puideron falar coa empresa.

O sr. González Souto pregúntalle si detecta algunhas irregularidades na obra, por exemplo o peche perimetral que está executado, e si é acorde co proxecto ou incluso coa seguridade do proxecto.

A sra. Pérez Pérez di que o peche perimetral estaba de acordo co propio proxecto.

O sr. González Souto pregúntalle si sabe de que se compuña ese peche.

A sra. Pérez Pérez responde que por un número de cimentación que tiñan 4 x 4 x 0,5.

O sr. González Souto pregunta si eso realmente está executado.

A sra. Pérez Pérez indica que por iso non se recepcionou a obra e que o técnico dirá si realmente está executada conforme ao proxecto.

10ª PREGUNTA. O sr. González Souto pregunta si na unidade juego/portería/canasta antivandálica, se pode entender como antivandálica.

A sra. Pérez Pérez responde que por iso mesmo non está recepcionada.

11ª PREGUNTA. O sr. González Souto pregunta cal é o motivo de que a Pista de Pádel non teña o cristal correspondente e sen embargo exista a posibilidade de reservar.

A sra. Pérez Pérez responde que está en proceso para solucionarse, que se buscou o cristal e pedíronse os orzamentos correspondentes.

12ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez pregúntalle ao sr. Alcalde si o orzamento inicial do proxecto na obra de ensanche e mellora da estrada principal da Picoña, para o peche de parcelas, foi suficiente ou o Concello aportará algunha cantidade máis.

O sr. Alcalde, Besada Pérez, responde que había un proxecto inicial e hai unha serie de obras complementarias e que o director de obra terá que facer os cálculos. Di que en base ás demandas dos veciños executouse a obra do proxecto e outro tipo de obras.

13ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez pregúntalle ao sr. Alcalde si determinou os medios para controlar o cumprimento das adicacións parciais do equipo de goberno.

O sr. Alcalde, Besada Pérez, di que todo o mundo sabe que fan bastantes máis horas das que tocan, e que o sabe perfectamente. Di que non se estableceron medios.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

14ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez pregúntalle ao concelleiro de persoal respecto de que o Concello pagou unha indemnización á anterior arquitecta polos servizos prestados, ademais da Seguridade Social; e agora volve estar outra persoa prestando servizos nas mesmas condicións que a anterior arquitecta, e pode darse que volvan a pagar coma coa anterior, coas mesmas irregularidades. Concreta preguntando si a situación do actual aparellador tentará solucionala ou cometerá as mesmas irregularidades.

O sr. Besada Pérez di que nestes momentos hai unha empresa, non unha persoa. Dille que como ben sabe o PSOE dende o 2007 estiveron facéndose multitude de traballos por persoal temporal e que sacaron as prazas no seu momento e xa saben cales foron os resultados; e mentres tanto hai que dar servizos e cumprir outro tipo de normativa.

O sr. González Rodríguez di que agora mesmo o Concello non pode contratar persoal, que así o limita o ministerio de administracións públicas, e que no momento que levanten a limitación esta será unha das primeiras que terá que saír.

15ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez pregúntalle ao concelleiro de facenda en relación ao IBI, si se fixo algunha xestión máis para tentar rebaixar o IBI, calquera acción que poidese proporcionar unha baixada.

O sr. González Rodríguez di que na ordenanza municipal teñen un tipo impositivo de 0,53 e o Ministerio obriga a aplicar un 0,60 porque teñen uns valores catastrais anteriores ao ano 2000. Por ordenanza aplican un tipo menor que o que manda o Ministerio de Facenda.

A sra. Tourón Domínguez pregunta cal foi a razón para non facer a petición de modificación de ponencia de valores.

O sr. González Rodríguez responde que non se fixo porque se fixo o ano pasado a actualización de valores.

A sra. Tourón Domínguez pregunta si ten coñecemento de si estas actualizacións de valores terán efecto retroactivo dos últimos catro anos.

O sr. González Rodríguez supón que legalmente o terán. Unha vez rematado o período de alegacións retrotraeranse os efectos económicos catro anos para atrás.

A sra. Tourón Domínguez pregunta si sabe porque esta revisión só foi a unha parte da poboación de Salceda e non a todo o mundo porque só se enviaron sobre 800 cartas.

O sr. González Rodríguez di que é un tema que non o fixo o Concello, o fixo o Ministerio aplicando o criterio de dar de alta bens que estaban sin declarar, e que o ámbito de actuación foi no rural que é donde se dan este tipo de construcións. Di que lle chegou a toda persoa que tiña un ben sin declarar.

16ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez pregunta si hai previsión de facer algo para mellorar o servizo de rexistro no período de vacacións para o vindeiro ano.

O sr. González Rodríguez respodne que co persoal que teñen darase unha deficiencia no servizo todos os anos, porque son os que son.

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

17ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez pregunta cal foi o motivo de avisar do cese á traballadora que estaba no rexistro, enriba da data.

O sr. González Rodríguez di que a traballadora estivo de vacacións do 1 ao 15 de xullo.

O sr. Besada Pérez explica que o burofax foi por rexistro e antes se tentou que o recollese polas vías convencionais e non o recolleu.

A sra. Tourón Domínguez di que se debe avisar polo menos cos 15 días de antelación.

18ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez pregúntalle ao concelleiro de facenda que polo que ven nos informes de morosidade houbo moitas obras e servizos que se fixeron no 2015, nalgúns casos levan máis de 60 días sen cobrar. Di que non comparte a forma de traballar da concellería de facenda. Pregunta porque non se respeta a orde de entrada en rexistro do pago das facturas.

O sr. González Rodríguez di que a orde si que se respecta, anque poida existir algún caso puntual.

19ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez pregunta si se ten previsión de realizar todos os pagos do primeiro semestre de 2015 antes de que remate o ano.

O sr. González Rodríguez di que seguindo os tempos dos procesos administrativos se tentará pagar.

20ª PREGUNTA. A sra. Tourón Domínguez expón que o pasado 30 de abril recibiuse a visita de varios técnicos do SERGAS para avaliar a situación do servizo de pediatría, visitando diversos edificios xunto coa plataforma de pediatría colapsada e inaccesible, e o resto das forzas políticas e os técnicos quedaron alí en remitir ao Concello un informe no prazo de 15 días. Pregunta si se emitiu algún informe.

A sra. Castiñeira Alén responde que non. E que dende entón solicitaron cita para que lles den algún tipo de resposta. Indica que a día de hoxe non foron recibidos e se lles contestou polo gabinete de prensa da consellería que se está atendendo a súa petición.

A sra. Tourón Domínguez pregunta si se fixo algún trámite coa xerencia de atención primaria, non coa consellería, co tema da mellora de pediatría; non coa consellería polo novo centro de sáude. Pregunta si se lle reclamou ese informe a xerencia.

O sr. Besada Pérez di que teñen que falar coa conselleira, e que se puxeron en contacto coa consellería para reclarmarllo. Indica que a petición de reunión foi para avaliar os dous temas.

A sra. Castiñeira Alén di que se lle pediu cita á Consellería de Sanidade por vía mail.

A sra. Tourón Domínguez pregunta porque non hai constancia dun rexistro para pedila.

A sra. Castiñeira Alén dille que pase polo seu despacho e lle explica todo.

-Interrópense-

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es

Non habendo máis temas que tratar, ás doce horas e quince minutos da noite, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trinta e unha páxinas numeradas do un ao trinta e un, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

O SECRETARIO DO CONCELLO

Carlos López Quintáns

Praza do Concello, s/n. 36470 - Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfnos. 986 349003 - 986 347500. Fax 986 347401
www.salcedadecaselas.es